



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14.07.2017 ata o 16.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 14.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, precisa renovar parte do inmovilizado fixo da entidade, xa obsoleto, por outro novo o que levará aparellado unha sensible baixada dos custes de reparación.

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, debe de adaptarse ás múltiples problemáticas asociadas ao seu sector de actividade (comerciais, normativas, ambientais, sociais etc). As principais carencias que existen nos órganos reitores están relacionadas con certas habilidades sociais e directivas: xestión, liderado e comunicación.

Que as inversións previstas coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo dotar as persoas membros dos órganos reitores das Confrarías de coñecementos, directrices e boas prácticas para mellora no desenvolvemento do seu cometido e cumprimento dos fins que teñen encomendados.



Por outra banda a creación do Portal Web permitirá que a Federación garantir a mellor información xeral e a transparencia nas actuacións desenvolvidas pola Federación Provincial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado no Texto Refundido da Lei de Contrato do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

